



INFORME DE EXECUCIÓN DA MEDIDA LEADER

ANO 2017

GRUPO DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
ASDECOMOR

CÓDIGO DO GRUPO : 21

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. DESCRICIÓN XERAL DA EVOLUCIÓN DO PROGRAMA NO ANO 2017 E MODIFICACIÓNS QUE AFECTAN Á XESTIÓN DA MEDIDA

3. EXECUCIÓN FINANCEIRA

4. INDICADORES DE AVALIACIÓN.

5. MEDIDAS DE PUBLICIDADE E DIVULGACIÓN DA MEDIDA LEADER E DA EDLP

6. ANEXOS.

6.1 ACTAS DAS XUNTANZAS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN

6.2 RELACIÓN ACTUALIZADA DE MEMBROS DO GDR

1.- INTRODUCCIÓN.

Entre os fins prioritario para os que se constituíu la Asociación o 16 de maio de 2001 estaba o de xestionar iniciativas e programas europeos de desenvolvemento rural.

ASDECOMOR ao amparo da Resolución do 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local e para a selección e recoñecemento dos Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras para a xestión da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, presentou o 30 de xuño de 2016 Estatexia de Desenvolvemento Local Participativa do territorio da Comarca de Ordes.

O 16 de novembro de 2016, o Consello de dirección da AGADER, acorda seleccionar como GDR a ASDECOMOR, así como a aprobación da súa Estratexia de Desenvolvemento Local outorgándolle inicialmente unha dotación financeira para a xestión da mesma de 3.013.444,32 euros.

Con data 13 de decembro de 2016, formalizouse o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Grupo de Desenvolvemento Rural ASDECOMOR para a aplicación dunha Estratexia de Desenvolvemento Local da medida Leader de Galicia, no que se establecían as normas de adxudicación, emprego, control, seguimento e avaliación dos recursos financeiros outorgados á Asociación.

AGADER aproba as normas de xestión, baremo e limitacións sectoriais do GDR ASDECOMOR o 7 de febreiro de 2017.

O 24/03/2017 AGADER emite Resolución pola que se aproban os importes máximos dispoñibles para o GDR 21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes, dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionable a o abeiro da submedida 19.2 do PDR de Galicia 2014-2020.

2.- DESCRICIÓN XERAL DA EVOLUCION DO PROGRAMA NO ANO 2017.

Neste apartado darase conta da dotación financeira inicial e as modificacións nas condicións no mantemento do destino do investimento e o pagamento de axudas.

2.1.- DOTACIÓN FINANCEIRA INICIAL.

Medida 19.2

A dotación financeira inicial da submedida 19.2 para o GDR ASDECOMOR estableceuna AGADER mediante Resolución de 24 de marzo de 2017 e recolle as seguintes cantidades:

	PORCENTAXE	ANUALIDADE 2017	ANUALIDADE 2018	TOTAL
MEDIDA 19.2		563.337,58	279.816,05	843.153,63
PROXECTOS PRODUTIVOS	65,00%	366.169,43	181.880,43	548.049,86
PROXECTOS NON PRODUTIVOS	35,00%	197.168,15	97.935,62	295.103,77
<i>Entidades públicas locais</i>	32,50%	183.084,71	90.940,22	274.024,93
<i>Entidades privadas</i>	2,50%	14.083,44	6.995,40	21.078,84

Medida 19.4

A dotación financeira anual da submedida 19.4 para o GDR ASDECOMOR ven determinada polo Convenio de colaboración para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local na medida Leader de Galicia 2014-2020, asinado entre o GDR ASDECOMOR e AGADER o 13 de decembro de 2016 e ascende a 171.263,56 €. Esta dotación total desagregarase en custes correntes e animación segundo autorización de AGADER, previa solicitude do GDR.

2.2.- MODIFICACIÓN DOS CADROS FINANCEIROS

Posteriormente, aprobábase un trasvase de fondos da submedida 19.4 á submedida 19.2, quedando a dotacións orzamentarias de ambas como seguen:

Medida 19.2

	PORCENTAXE	ANUALIDADE 2017	ANUALIDADE 2018	TOTAL
MEDIDA 19.2		567.236,30	279.816,05	847.052,35
PROXECTOS PRODUTIVOS	65,00%	378.703,60	231.880,43	610.584,03
PROXECTOS NON PRODUTIVOS	35,00%	188.532,70	47.935,62	236.468,32
Entidades públicas locais	32,50%	174.351,79	40.940,22	215.292,01
Entidades privadas	2,50%	14.180,91	6.995,40	21.176,31

Medida 19.4

	PORCENTAXE	ANUALIDADE 2017
MEDIDA 19.4		167.364,84
19.4.A. CUSTES CORRENTES	70,84%	118.564,84
19.4.B. ANIMACIÓN E PROMOCIÓN	29,16%	48.800,00


3.- EXECUCIÓN FINANCEIRA

3.1.- EXPEDIENTES PRESENTADOS

Con cargo a anualidade 2017-2018 tramitáronse 16 solicitudes de pagamento distribuídos do seguinte xeito:

SUBMEDIDA 19.2	15
Proxectos produtivos	13
Proxectos non produtivos	2
<i>Entidades públicas</i>	2
<i>Entidades privadas</i>	0
SUBMEDIDA 19.4	1
Custes correntes	1
Proxectos non produtivos	0

Dos 17 proxectos referidos 7 deles están finalizados, 6 certificados parcialmente ou con anticipo cobrado, 1 tivo ICE desfavorable e 2 presentarios desistencia e/ou renuncia.



3.2 . RATIOS DE EXECUCIÓN

3.2.1.- Ratios de execución financeira

		2017
De execución financeira.	Comprometido/previsto Submedida 19.2	18,30%
	Pagado/previsto Submedida 19.2	18,30%
	Comprometido/previsto Submedida 19.4	25,00%
	Pagado/previsto Submedida 19.4	10,62%
	Gasto certificado (pagado)	498.946,86 €
	Número de beneficiarios finais dos pagos (Submedida 19.2)	12
	Ratio Inversión total/nº de empregos.	45.033,89 €

		2017
-De execución física:	Nº de beneficiarios	14,00
	Nº de empresas creadas	1,00
	Nº de empresas ampliadas	11,00
	Número de proxectos presentados	15,00
	Nº de proxectos aprobados	14,00
	Nº de proxectos en curso	6,00
	Nº de proxectos terminados totais	6,00
	Nº de proxectos con desistencia ou renuncia	2,00
	Nº proxectos con ICE desfavorable	1,00
	Nº de aloxamentos creados	-

		2017
De emprego:	Número de empregos xerados.	6,78
	Número de empregos consolidados.	23,04

Os ratios serán acumulables anualidade a anualidade.



PAGOS EFECTUADOS

O importe total dos pagamentos efectuados con cargo a anualidade 2017 ascende a 489.946,86 €. A súa distribución por medidas sería a seguinte:

	PORCENTAXE	ANUALIDADE 2017
PAGAMENTOS TOTAIS		498.946.86 €
MEDIDA 19.2	85,42 %	426.192,06 €
PROXECTOS PRODUTIVOS	72,14 %	359.921,72 €
PROXECTOS NON PRODUTIVOS	13,28 %	66.270,34 €
<i>Entidades públicas locais</i>	13,28 %	66.270,34 €
<i>Entidades privadas</i>	0,00 %	0,00
MEDIDA 19.4	14,58 %	72.754,80 €
19.4.A. CUSTES CORRENTES	14,58 %	72.754,80 €
19.4.B. ANIMACIÓN E PROMOCIÓN	0,00 %	0,00

A continuación figura a comparativa dos pagos sobre a axuda prevista e sobre a axuda aprobada (2017-2018).

DATA: 30/12/2017			
TIPOLOXÍA	PAGOS	AXUDA PREVISTA	
PRODUCTIVOS	359.921,72	1.513.453,57	23,78%
NON PRODUCTIVOS	66.270,34	814.936,52	8,13%
<hr/>			
TIPOLOXÍA	PAGOS	AXUDA APROBADA	
PRODUCTIVOS	359.921,72	591.567,57	60,84%
NON PRODUCTIVOS	66.270,34	66.270,34	100,00%
	426.192,06	657.837,91	



En Decembro de 2017 queda pedente de pagamento por parrote de AGADER a cantidade de 4.646,56 €, correspondentes a dous expedientes que certifican por enriba do establecido na resolución de axuda con cargo a anualidade 2017, en concreto:

- Expediente L17 1920 21 0012 1.693,15 €
- Expediente L17 1920 21 0009 2.953,41 €

Estes importes imputaranse á anualidade 2018.

4.- INDICADORES DE AVALIACIÓN

Os indicadores de avaliación reflíctense na seguinte táboa, comparando o valor previsto para todo o período e o realizado no ano 2017.

INDICADOR		VALOR PREVISTO	ANO 2017
I1	Número de promotores asesorados	98	60
I2	Número de actividades /operacións subvencionadas no campo da transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais	2	1
I3	Número de actividades /operacións subvencionadas referidas a servizos básicos e renovación das poboacións rurais	7	2
I4	Número de actividades /operacións subvencionadas en comercio minorista e actividades económicas do sector servizos	15	2
I5	Número total de operación subvencionadas en cooperación	1	0
I6	Número de operacións que teñen como finalidade á creación e desenvolvemento de pequenas empresas	12	4
I7	Número de operacións que teñan incidencia no sector turístico (incluído hospedaxe e restauración)	3	0
I8	Gasto público total en creación en desenvolvemento de empresas (industria + comercio + servizos + agro forestal)	2.100.000 €	359.921,73 €
I9	Investimento total en servizos á poboación e posta en valor dos recursos do territorio (naturais, patrimoniais e culturais)	1.100.000 €	107.292,37 €
I10	Número de empregos xerados nos proxectos financiados	22	6,78
I11	Número de empregos consolidados nos proxectos financiados	85	22,84
I12	Investimento total (IVE incluído)	8.075.000,00 €	1.342.910,56 €
I13	Poboación obxecto do GDR	37.000	37.000
I14	Número de actividades /operacións subvencionadas	59	12

5.- MEDIDAS DE PUBLICIDADE E DIVULGACIÓN DA MEDIDA LEADER E DA EDLP

A Asociación divulga a través da páxina www.asdecomor.com as axudas LEADER, así como a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa, as normas de xestión da medida e todas as novas relacionadas coa medida LEADER.

No ano 2017, derivado da baixa por enfermidade do xerente do GDR non se puideron programar nin desenvolver as actuacións que en materia de publicidade e divulgación que se tiñan previstas (charla informativas nos Concellos, edición de folletos, material publicitario e guía de axudas, etc) que se pospuseron para o ano 2018.

Con todo, mantiveronse encontros con personas físicas e xurídicas de xeito individual, coas entidaes públicas do territorio e con outros colectivos socio económicos da Bisbarra.

Asemade, participouse nas seguintes xuntanzas ou eventos:

- 15/03/2017. Xuntanza coa Xunta Directiva da Asociación de Comerciantes de Ordes (ACORDES) para divulgar as axudas da medida Leader 2014-2020.
- 20/09/2017. Participación no Seminario de Desenvolvemento Rural celebrado en Lugo.
- 18/10/2017. Xuntanza coa Directora de Caixabank para explicarlles os proxectos que poderían subvencionarse a través da medida Leader, por se se quixeran acoller as axudas os clientes de dita entidade bancaria. Convenio de colaboración mútua.
- 30/11/2017. Exposición en Radio Ordes das axudas da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.
- 28/12/2017. Asistencia ao Comité de Seguimento do PDR de Galicia 2014-2020, facendo propostas de mellora da medida Leader e dando a coñecer os resultados do primeiro ano de xestión dos GDR galegos.

Por ultimo, celebraróñse as seguintes xuntanzas dos órganos rectores da Asociación, representativos de todo o tecido socioeconómico da Comarca:

- ✓ 08/03/2017. Xunta Directiva
- ✓ 28/06/2017. Xunta Directiva
- ✓ 27/09/2017. Xunta Directiva
- ✓ 29/11/2017. Xunta Directiva
- ✓ 29/11/2017. Asemblea Xeral

6.- ANEXOS

6.1 ACTAS DAS XUNTANZAS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN